







“ASEMBLEA CIDADÁ”

 PARTICIPACIÓN POR CIDADANÍA	 TEMA	 FINALIDADE DA ACTIVIDADE	 DURACIÓN	 MATERIAIS	 OBXECTIVOS
	Que é participación e que é cidadanía?	Facer un role playing para escenificar cales son os colectivos, os que máis participan e aos que a cidadanía máis escoita	45-60´	Ningún	Coñecer que é a participación social e cidadá Reflexionar sobre o concepto de cidadanía

OLA, EQUIPO EDUCATIVO!

SABÍAS QUE...

cando falamos de participación infantil e adolescente non falamos só de que as nenas e nenos asistan a unha actividade?

Na linguaxe cotiá adóitase utilizar a palabra “participar” cando nos referimos a asistir a unha actividade, pero ao falar de participación, e en concreto social e cidadá, referímonos a que tomen parte na toma de decisións!

As nenas e nenos son cidadás e cidadáns desde o momento no que nacen porque desde que se nace –nalgúns cuestións antes- téñense dereitos. E formar parte da cidadanía significa ser membro activo dunha comunidade, participando na súa vida pública e traballando para o benestar común.

OLA, MOZAS E MOZOS! INVITÁMOSVOS A...

que fagades unha representación dunha asemblea na que tedes que decidir sobre unha cuestión que afecta a toda a poboación.

- 1º Entre todo o grupo tedes que decidir que cuestión ides debater na asemblea. Debe ser unha cuestión que afecte a todo tipo de poboación, independentemente da idade. Algúns exemplos poden ser: como celebrar as festas patronais, o nome dunha nova biblioteca, o trazado dun carril bici, etc.
- 2º Divídevos en 3 equipos para representar a tipos de poboación diferenciada por idade: infancia, xoves e poboación adulta. E elixide unha persoa que sexa a que modere a asemblea.
- 3º Cada colectivo de idade ten que representar o seu rol desde o seu punto de vista. Dentro do mesmo colectivo pode haber xente máis inflexible e outra máis conciliadora, pero tentade non caricaturizar aos personaxes.
- 4º Ábrese o debate da asemblea dando unha quenda de palabra a cada colectivo e despois vaise pedindo a palabra para poder rebater o que dixo outro grupo.
- 5º Para terminar podeades abrir un coloquio real para analizar que vos pareceu a asemblea e...

...para reflexionar

- Que vos pareceron as argumentacións dos outros colectivos?
- A quen creedes que se adoita escoitar e facer máis caso entre toda a cidadanía? Por que?

- Que é para vós ser unha cidadá ou un cidadán?
- Todas as mozas e mozos participan da mesma maneira e/ou teñen as mesmas posibilidades de participar? Por que?

A propoñer!

- En que cousas pode axudar que as mozas e mozos participen?
- Cal sería a vosa forma ideal de participar na toma de decisións?







Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel](#)

Suxerencias para adaptar a actividade

- Pódense incluír outros colectivos e facer máis grupos, por exemplo: colectivos da terceira idade, colectivos de mulleres, etc.
- Pódense facer roldas e ir cambiando a asignación de colectivos para que todos os grupos “sexan” todos os colectivos nalgún momento da actividade.

SE QUEREDES SEGUIR COÑECENDO E OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!

PALABRAS E MÁIS PALABRAS

 <p>PARTICIPACIÓN POR CIDADANÍA</p>	 <p>TEMA</p>	 <p>FINALIDADE DA ACTIVIDADE</p>	 <p>DURACIÓN</p>	 <p>MATERIAIS</p>	 <p>OBXECTIVOS</p>
	<p>Para que participamos e cales son os beneficios da participación?</p>	<p>Xogar ao xogo de Wordle “creando” palabras vinculadas á participación cidadá e aos seus aspectos positivos.</p>	<p>45-60´</p>	<p>Varios dispositivos con acceso a internet (un por cada equipo feito) Link a juego</p>	<p>Coñecer para que se participa Reflexionar sobre os aspectos positivos que ten a participación infantil e adolescente</p>

OLA, EQUIPO EDUCATIVO!

SABÍAS QUE...

participar de maneira activa na sociedade ten moitos beneficios tanto grupais como individuais?

Algúns dos beneficios persoais é que mellora o razoamento, a creatividade, a autonomía, a capacidade de escoita e negociación, etc.

E un dos beneficios colectivos fundamentais é que serve como ferramenta de transformación social e de protección, xa que visibiliza á infancia como colectivo e préstase atención á súa realidade, os seus intereses e as súas necesidades. Isto pode influir nas políticas públicas e ademais pode crear unha imaxe positiva da infancia e da adolescencia na sociedade.

Antes da actividade

- Probar o xogo e a crear algunhas palabras antes de facelo coas mozas e mozos para que sexa máis fácil cando se explique.
- Asegurar que vai haber algunha maneira de compartir as ligazóns xeradas: a través de chats que xa teñades feitos ou crealos previamente para esta actividade se o considerades adecuado.

**OLA, MOZAS E MOZOS!
INVITÁMOSVOS A...**

que xoguedes ao Wordle e creedes as vosas propias palabras sobre participación.

Por se aínda non coñecedes Wordle, explicámosvos COMO XOGAR:

Escríbese unha palabra (unha letra por recadro) e dásele a enviar.

Despois de cada intento, a cor das letras cambiará para mostrar en que letra acertastes e en cal non.

Se sae cor verde é que a letra e a posición na palabra é correcta.


Se sae cor amarela é que a letra está na palabra, pero non nesa posición.

E se sae cor gris é que esa letra non está na palabra que hai que adiviñar.

Pode haber letras repetidas.

Tedes ata 6 intentos por cada palabra.

Imos xogar!

- ➔ 1º Facede parellas ou pequenos grupos para xogar por equipos e decidir palabras que teñan que ver cos aspectos positivos da participación social e cidadá e que non teñan entre 4 e 8 letras, por exemplo: escoitar, respecto, opinión, etc.
- ➔ 2º Explicámosvos COMO CREAR AS PALABRAS:
Entrede na web [https:// wordle. wekele. com/?](https://wordle.wekele.com/?)  para poder crear as palabras e compartilas, seguindo estas instrucións:

Seleccionar a lingua.

Pulsar a icona de mando de xogo e seleccionar “modo crear” no modo de xogo.

Seleccionar o número de letras, escribir a palabra e dar ao check.

Pulsar a ligazón de compartir e elixir a través de que medio quere se compartir a ligazón xerada.

- ➔ 3º Cando o resto dos grupos recibisen a vosa ligazón (a través de Whatsapp ou Telegram se tedes chat grupal ou de mail... ou calquera outra opción que vos pareza adecuada) terán que adiviñar a palabra.
- ➔ 4º Cando xogásedes varias quendas -as que o tempo dispoñible permita ou queirades-abrirase un coloquio para falar sobre as palabras que saíron e...

...para reflexionar

- ➔ Para que creedes que serve a participación social e cidadá?
- ➔ Que cousas positivas creedes que ten a participación para as mozas e mozos a nivel persoal?
- ➔ Que aspectos positivos atopades na participación a nivel grupal?
- ➔ Que condicións creedes que son as máis importantes para que se dea a participación? Por que?

A propoñer!

- ➔ Que se debería facer para facilitar a participación cidadá das mozas e mozos?
- ➔ Como se podería convencer á poboación adulta para favorecer a participación infantil e adolescente?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel](#) 

Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ Pódense crear as palabras previamente por parte do equipo educativo e que sexan todas as mozas e mozos (individualmente ou en grupos) quen as adiviñen.
- ➔ Se non se dispón de dispositivos para facer a actividade, pódense recrear os cadros de letras en papel ou nunha lousa, coma se fose o xogo do aforcado.

**SE QUEREDES SEGUIR COÑECENDO E
OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE
UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!**